

BASES QUE REXERÁN O CONCURSO DE DISFRACES ENTROIDO 2026

Das inscricións e das comparsas

1ª.- Para participar no concurso de comparsas de Entroido é condición imprescindible formalizar a inscrición da comparsa nas oficinas municipais con anterioridade ás 15:00 horas do mércores 11 de febreiro de 2026. As comparsas que non se inscriban no seu debido tempo non poderán optar a ningún dos premios establecidos nin ás axudas por participación obxecto destas bases.

2ª.- As comparsas, para formalizar a súa inscrición no concurso, farán constar o nome da comparsa e o número de membros que a compoñen, así coma un teléfono de contacto da persoa representante da mesma.

3ª Entenderase por comparsa a agrupación composta por un mínimo de 10 compoñentes que obrigatoriamente realicen unha actuación, ben sexan coplas, bailes ou representacións, e que teña unha duración entre 5 e 20 minutos.

4ª.- As comparsas deberán gardar unha unidade temática, tanto no seu vestiario coma na súa actuación.

5ª.- No interior das instalacións deportivas queda prohibido o uso de material potencialmente perigoso, que poida causar incendios (o uso de bengalas, dispositivos que expidan fume, néboas, petardos, fogos de artificio, material pirotécnico, ou outros artefactos que conteñan pólvora), así coma calquera dispositivo que deixe sobre as instalacións algún tipo de residuo.

6ª.- Poderase acceder ao pavillón con elementos de dimensións limitadas. As carrozas non poderán entrar nas instalacións e serán avaliadas polo xurado ao longo do desfile. A organización terá prevista unha área reservada para, unha vez rematado o pasarrúas, deixar fóra estes complementos de grandes dimensións. Esta área destinarase exclusivamente a eses elementos empregados no desfile, non ao estacionamento dos vehículos dos integrantes das comparsas.

Medidas a ter en conta para as actuacións:

- Escenario: 15 m. de fronte x 8 m. de fondo.
- Altura máxima pavillón: 7 m.
- Porta de acceso: 2 m. ancho x 2,30 m. alto.

7ª.- As comparsas que desexen empregar acompañamento musical nas súas actuacións poderán facer uso dun reprodutor de son, que admite os formatos .WAV ou .MP3, cunha calidade mínima recomendada de 320 kbps.

Deberán traer o arquivo nun CD ou nunha memoria USB; recomendándoselles que se acheguen antes do comezo do desfile ata a mesa de control de medios, situada no pavillón, para facer unha proba de son.

As comparsas deben designar unha persoa responsable para estar durante a actuación na mesa de reprodución de medios, e que se encargará de indicarlle ao equipo técnico en que momento deben reproducirse os mesmos.

Disposicións finais

8ª.- Para poder optar ás axudas por participación sinaladas no capítulo anterior é imprescindible que as comparsas participen nos actos de entroido programados para o domingo, 15 de febreiro de 2026 e que comezarán coa concentración das comparsas ás 17:00 h. na praza do Concello de Dumbria.

9ª.- As comparsas teñen a obriga de participar no pasarrúas inicial ata o pavillón polideportivo, lugar onde se levarán a cabo as actuacións.

10ª.- A orde de participación tanto no desfile de comparsas coma na posterior actuación rexerase segundo sorteo previo, a celebrar no Concello o venres, 13 de febreiro de 2026, ás 16:00 h.

11ª.- Os premios para o concurso de comparsas e disfraz individual son os seguintes:

-1º clasificado: 1.200 €

-2º clasificado: 700 €

-3º clasificado: 500 €

-Un premio de 150 €, ó disfraz individual máis orixinal.

No caso de producírense empates, os premios serán repartidos no modo que segue:

No caso de empate no 1º premio entre 2 comparsas, repartirase o 1º e 2º premio a partes iguais entre as comparsas empatadas.

No caso de empate no 1º premio entre 3 ou máis comparsas, repartiranse os 3 premios a partes iguais entre as comparsas empatadas.

No caso de empate no 2º premio entre 2 ou máis comparsas, xuntarase o 2º premio e o 3º premio e repartiranse a partes iguais entre as comparsas empatadas.

No caso de empate no 3º premio, repartirase este a partes iguais entre as comparsas empatadas.

12ª.-As comparsas que non resulten premiadas terán unha axuda económica de 200 € pola súa participación nos actos de entroido. Esta axuda non é acumulativa ós premios.

13ª.- O xurado será designado polo Concello de Dumbria. Na selección dos premiados o xurado terá en conta os seguintes aspectos:

- Desfile: animación, complementos, carrozas, ... (25% da puntuación). No caso de condicións climatolóxicas adversas, que non permitan a celebración do mesmo, o xurado valorará igualmente as carrozas e complementos das comparsas.

- Disfraces e maquillaxe: confección artesanal ou non, calidade e adaptación da maquillaxe ... (25% da puntuación).
- Actuación: posta en escena, música, coreografía, parodias, letras das coplas,... (50% da puntuación).

14^a.- A participación no concurso supón a aceptación destas bases. O fallo do xurado será inapelable.

15^a.- O concello resérvase o dereito de limitar o número de comparsas participantes no concurso e adiantar a data límite para realizar as inscricións.